



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 266
23 de febreiro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

I 21438 (10/PPL-000011)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Lago Peñas, José Manuel

Proposición de lei para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia [84936](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

I 25942 (10/MOC-000070)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15770, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018) [84936](#)

I 25949 (10/MOC-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, así como os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 22234, publicada no BOPG nº 236, do 10.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018) [84936](#)

I 25952 (10/MOC-000072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 8083, publicada no BOPG nº 105, do 26.04.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

[84937](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 24628 (10/PNP-001771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e sete deputados/as máis

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia da construción modular de vivendas no seu Programa de vivenda de promoción pública

[84937](#)

I 24866 (10/PNP-001781)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia, no primeiro cuadrimestre de 2018, dun balance da execución do III Plan director da cooperación galega 2014-2017, a elaboración dun novo plan director para o período 2018-2021, así como a inclusión da acción humanitaria de calidade entre as súas orientacións estratéxicas

[84937](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 7071 (10/PNP-000633)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional

[84938](#)

I 19842 (10/PNP-001472)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a introdución na etiquetaxe do selo *pescadeRías ¿de onde se non?* do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como dun código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web www.deondesennon.xunta.gal

[84939](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 24277 (10/PNP-001753)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión das enfermidades minoritarias ou raras consideradas graves e os casos deste tipo en proceso de diagnóstico na listaxe de enfermidades reflectidas no anexo do Real decreto 1149/2011, así como a introdución neste das modificacións necesarias co fin de definir o que se considera coidado directo, continuo e permanente para os efectos dunha prestación [84939](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 15181 (10/PNP-001198)****Grupo Parlamentario do Bloque cinco deputados/as máis**

Sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia específica para a análise e a elaboración dunha proposta sobre o novo marco político e institucional de Galicia [84940](#)

I 10214 (10/PNP-001764)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre medidas en relación coa protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores da Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras, e dos produtores de castaña afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017 [84940](#)

I 24683 (10/PNP-001775)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e a convocatoria de folga de mulleres prevista para o día 8 de marzo de 2018 para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias [84940](#)

I 24725 (10/PNP-001776)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais, conforme á doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea [84940](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia**

I Aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2015 e das propostas de resolución [84941](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

Rexeitamento da iniciativa

■ 24878 (10/PNC-001945)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o inicio polo Goberno galego de conversas coa Xunta de Castela e León co fin de establecer un convenio de colaboración para a promoción e uso da lingua galega nas administracións locais do Bierzo, así como para impulsar un proceso de normalización lingüística do galego en todos os ámbitos necesarios

[84943](#)

Preguntas orais en comisión retiradas

■ 23510 (10/POC-003917)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os motivos que atrasan a construción dun novo centro educativo en Vilalonga

[84944](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de febreiro de 2018, de concesión da Medalla do Parlamento de Galicia

[84944](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 20 de febreiro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

- 21438 (10/PPL-000011)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Lago Peñas, José Manuel

Proposición de lei para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

BOPG nº 229, do 19.12.2017

Sometida a votación, obtense o resultado de 29 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 25942 (10/MOC-000070)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15770, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

BOPG nº 260, do 14.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 25949 (10/MOC-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, así como os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do

Estado. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 22234, publicada no BOPG nº 236, do 10.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

BOPG nº 260, do 14.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 25952 (10/MOC-000072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 8083, publicada no BOPG nº 105, do 26.04.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

BOPG nº 260, do 14.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 24628 (10/PNP-001771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e sete deputados/as máis

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia da construción modular de vivendas no seu Programa de vivenda de promoción pública

BOPG nº 255, do 07.02.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír a construción modular de vivendas dentro do seu Programa de vivenda de promoción pública, co obxectivo de avanzar na industrialización dos procesos de construción de vivendas e reducir prazos no proceso de construción de novas vivendas para os sectores máis desfavorecidos da poboación.»

- 24866 (10/PNP-001781)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia, no primeiro cuadrimestre de 2018, dun balance da execución do III Plan director da cooperación galega 2014-2017, a elaboración dun novo plan director

para o período 2018-2021, así como a inclusión da acción humanitaria de calidade entre as súas orientacións estratéxicas
BOPG nº 255, do 07.02.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Presentar no primeiro cuadrimestre do ano 2018 un balance da execución do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 de acordo cos resultados da avaliación final do III Plan Director da Cooperación Galega.
2. Elaborar no primeiro cuadrimestre do ano 2018 o IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021, que deberá ter en conta os resultados da avaliación final do III Plan Director da Cooperación Galega, así coma as directrices que estableza o futuro V Plan Director da Cooperación Española, afondar na posta en valor dos aspectos cualitativos da cooperación galega e contar coa participación de todos os axentes galegos de cooperación.
3. Incluír entre as orientacións estratéxicas do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 a acción humanitaria de calidade, mellorando a coordinación dos múltiples actores e a coherencia, eficacia, eficiencia e rendición de contas das respostas humanitarias.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 7071 (10/PNP-000633)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional

BOPG nº 96, do 05.04.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

— Avanzar na prestación de asistente persoal para as persoas con diversidade funcional, incrementando no inmediato as contías económicas dela.

— Avanzar na prestación de asistente persoal para as persoas con diversidade funcional no marco da Convención internacional sobre o dereito das persoas con discapacidade.

— Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de mellorar a prestación de asistente persoal, avanzando cara a modelos que permitan a adaptación ás necesidades de cada individuo e que, no marco do grupo de traballo do Imsero sobre a prestación de asistencia persoal, se estude a posibilidade de avanzar cara a un modelo de autoxestión por parte das persoas usuarias.»

- 19842 (10/PNP-001472)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a introdución na etiquetaxe do selo *pesca de Rías ¿de onde se non?* do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como dun código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web www.deondesennon.xunta.gal

BOPG nº 211, do 15.11.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Indicar, mediante ligazón ao espazo web www.pescadegalicia.gal e sobre a base do coñecemento da orixe e a data establecidas no código xa inserido na etiqueta, os valores de poxa en primeira venda do produto.

2. Instalar un código QR ou similar no selo *Pescade Rías ¿de onde se non?* que leve directamente ao apartado da trazabilidade do produto na web www.deondesennon.xunta.gal.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 24277 (10/PNP-001753)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión das enfermidades minoritarias ou raras consideradas graves e os casos deste tipo en proceso de diagnóstico na listaxe de enfermidades reflectidas no anexo do Real decreto 1149/2011, así como a introdución neste das modificacións necesarias co fin de definir o que se considera coidado directo, continuo e permanente para os efectos dunha prestación

BOPG nº 255, do 07.02.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar:

1. A ampliación da listaxe das enfermidades recollidas no anexo do Real decreto 1148/2011, de forma que inclúa aquelas enfermidades minoritarias consideradas graves non incluídas na listaxe actual, así como os casos graves que estean no proceso de busca de diagnóstico dunha enfermidade rara.

2. Que efectúe os cambios pertinentes no real decreto para especificar criterios que definan o que se entende por `coidado directo, continuo e permanente`, xa que é un aspecto básico no que se fundamenta a resolución da prestación.»

Rexeitamento da iniciativa

- 15181 (10/PNP-001198)

Grupo Parlamentario do Bloque cinco deputados/as máis

Sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia específica para a análise e a elaboración dunha proposta sobre o novo marco político e institucional de Galicia

BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 20 votos a favor, 51 votos en contra e ningunha abstención.

- 10214 (10/PNP-001764)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre medidas en relación coa protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores da Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras, e dos produtores de castaña afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017

BOPG nº 252, do 02.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 24683 (10/PNP-001775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e a convocatoria de folga de mulleres prevista para o día 8 de marzo de 2018 para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias

BOPG nº 255, do 07.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 24725 (10/PNP-001776)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais, conforme á doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea

BOPG n. 255, do 07.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

O Pleno do Parlamento, na sesión do 20 de febreiro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2015 e das propostas de resolución

- 12941 (10/ICON-000001)

Consello de Contas

Informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015)

BOPG nº 240, do 16.01.2018

Ditame e propostas de resolución aprobados na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2016 (informe publicado no BOPG nº 240, do 16.01.2018; ditame e propostas de resolución publicadas no BOPG nº 252, do 02.02.2018).

1º. Apróbase a Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2015, por 61 votos a favor, 6 votos en contra e ningunha abstención.

2º. Apróbanse, por 59 votos a favor, 12 votos en contra e ningunha abstención, as seguintes propostas de resolución:

Resolución número 1

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia nos seus informes de fiscalización.

Resolución número 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que continúe a ser unha das comunidades autónomas con maior esforzo investidor, mantendo a porcentaxe de gasto de capital sobre o total de gasto non financeiro moi por riba da media española.

Resolución número 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a completar o proceso de redución de débeda dos entes públicos, que supuxo a diminución en máis de 200 millóns de euros desde 2009.

Resolución número 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver e impulsar os mecanismos de intervención e control de gasto sanitario que se puxeron en marcha coa nova estrutura orgánica da Intervención Xeral aprobada a comezos deste ano.

Resolución número 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar reducindo, de xeito simultáneo, o déficit público e o recurso ao endebedamento.

Resolución número 6

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que continúe a reducir o risco vivo dos avais do Instituto Galego de Promoción Económica.

Resolución número 7

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que continúe a incrementar a súa transparencia en materia financeira, tal e como fixo coa incorporación das modificacións nas previsións de ingresos na memoria remitida ao Consello de Contas ou coa publicación da Conta xeral en internet.

Resolución número 8

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir manténdose entre as comunidades autónomas con maior orzamento *per capita* para a sanidade pública.

Resolución número 9

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar a xestión áxil e transparente na Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, tanto no referente á contratación como no referente ao pagamento a provedores e, especialmente, no sistema de resolución das chamadas.

Resolución número 10

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que as futuras licitacións de contratos de limpeza e de transporte non urxente no eido sanitario contén cun expediente xustificativo máis com-

pleto e cuns pregos que inclúan maiores instrumentos de control para facilitar a supervisión e avaliación do cumprimento duns estándares de calidade homoxéneos en todo o territorio.

Resolución número 11

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ofrecer, no seu Portal de transparencia e goberno aberto, unha información específica dos plans de reordenación do sector público autonómico, que permitiron un aforro anual de 70 millóns de euros.

3º. Apróbase, por 40 votos a favor, 18 votos en contra e 13 abstencións, a seguinte proposta de resolución:

Resolución número 12

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de traballo 2017-2020 para facilitar a participación das pemes na contratación pública autonómica, en cumprimento do establecido na Directiva 2014/24/UE e na propia Lei 14/2013, do 27 de decembro, de reestruturación do sector público autonómico, sobre a división en lotes cando o obxecto dos contratos así o permita.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 22 de febreiro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 24878 (10/PNC-001945)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o inicio polo Goberno galego de conversas coa Xunta de Castela e León co fin de establecer un convenio de colaboración para a promoción e uso da lingua galega nas administracións locais do Bierzo, así como para impulsar un proceso de normalización lingüística do galego en todos os ámbitos necesarios

BOPG nº 255, do 07.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Preguntas orais en comisión retiradas

- 23510 (10/POC-003917)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os motivos que atrasan a construción dun novo centro educativo en Vilalonga

BOPG nº 247, do 25.01.2018

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de febreiro de 2018, de concesión da Medalla do Parlamento de Galicia

O Regulamento de distincións e condecoracións do Parlamento de Galicia establece que a Mesa do Parlamento de Galicia poderá conceder a Medalla do Parlamento de Galicia a aquelas institucións ou persoas físicas ou xurídicas que, polos servizos prestados á Comunidade Autónoma de Galicia, se fagan merecentes da consideración honorífica dos representantes lexítimos do pobo galego. A distinción tamén se poderá conceder ás institucións, autoridades e personalidades que, pola súa especial relación ou vínculo co Parlamento de Galicia, ou por motivos de reciprocidade ou de cortesía, se fagan merecentes dela.

A entrega da Medalla do Parlamento de Galicia efectuarase cada ano nunha única ocasión, o 6 de abril, aniversario da promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Vista a proposta da Presidencia da Cámara.

As entidades merecedoras desta distinción en 2018 son:

— Aldeas Infantiles SOS Galicia, entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo protexer a nenos e nenas privados de coidado parental para lles brindar un ambiente familiar protector no que poidan medrar sentíndose queridos e respectados, así como apoiar o seu desenvolvemento ata que cheguen a ser autosuficientes e se integren na sociedade.

Esta entidade apoia tamén a familias vulnerables para que poidan atender axeitadamente as súas fillas e fillos, e conta con programas de axuda á mocidade.

Aldeas Infantiles SOS Galicia conta cun programa de protección que crea familias para nenas e nenos que carecen delas, para o que conta cunha aldea infantil, casas de familia, atención a familias

en acollemento residencial e acollemento en familia extensa. O programa de prevención e fortalecemento familiar dispón dun centro de atención de día e un servizo de atención a familias. O programa de mozos axuda os seus usuarios no tránsito á vida adulta, impulsado a súa emancipación e autonomía.

— Cáritas Diocesanas de Galicia, integrada polas cinco Cáritas diocesanas de Santiago de Compostela, Tui-Vigo, Lugo, Ourense e Mondoñedo-Ferrol.

Cáritas desenvolve, a través da súa rede parroquial, interparroquial, arcepiscopal e diocesana, un labor de apoio a persoas e colectivos en situación de precariedade e/ou exclusión social. A axuda de Cáritas chega a familias desestruturadas, parados de longa duración, inmigrantes, drogodependentes, persoas enfermas e/ou con discapacidade, persoas sen recursos ou sen teito, entre outros colectivos. En Galicia, Cáritas presta servizos como atención primaria, comedor social/repartición de alimentos, orientación familiar, atención a alcohólicos e drogodependentes, roupeiro/tenda solidaria, pisos de acollida temporal/ programas de vivenda, formación e bolsa de emprego.

Cáritas conta en Galicia con 462 puntos de atención nos que traballan arredor de 220 técnicos contratados e 4.800 voluntarios, que cada ano prestan axuda a milleiros de persoas.

— Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), entidade sen ánimo de lucro que ten como finalidade lograr a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do movemento asociativo e da prestación de servizos que satisfagan as necesidades e expectativas do colectivo ao que dirixe os seus esforzos.

Para acadar estes obxectivos, COGAMI ofrece todo tipo de servizos a persoas con discapacidade, familias e asociacións, como información e asesoramento, formación, intermediación laboral, apoio ao autoemprego, centros especiais de emprego, ocio, tempo libre, voluntariado, apoio á asistencia persoal, transporte adaptado e apoio na xestión e fortalecemento de asociacións, entre outras medidas.

No ámbito político e representativo, COGAMI colabora con diferentes administracións na implementación de políticas e accións relacionadas coas persoas con discapacidade, participando con outras organizacións en Europa e representando ás súas entidades ante as institucións públicas.

COGAMI aglutina actualmente un movemento asociativo integrado por 51 entidades e conta con 11 iniciativas empresariais de economía social nas que traballan preto de 800 persoas, das que 90 % presentan algunha discapacidade.

Visto o disposto nos artigos 8 a 15 do Regulamento das distincións e condecoracións do Parlamento de Galicia, a Mesa, coa abstención das Sras. vicepresidenta 2ª e vicesecretaria, adopta o seguinte acordo:

Concederlles a Medalla do Parlamento de Galicia a:

- Aldeas Infantiles SOS Galicia.
- Cáritas Diocesanas de Galicia (Cáritas diocesanas de Santiago de Compostela, Tui-Vigo, Lugo, Ourense e Mondoñedo-Ferrol).
- Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727